

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2021/G007/000017.**

Excm. Sra. D.ª Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión ORDINARIA do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar por medios telemáticos o vindeiro **xoves, día 30 de decembro de 2021, ás 10,00 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

1. ESTUDO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DAS PARCELAS 13-14 DO QUINTEIRO 1206 (PRAZA MAIOR Nº 4 E 5) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI). ADAPTACIÓN ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA APROBADAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DE DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2019 (DOG Nº 224, DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019): SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS.

PROPOSICIÓNS

2. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 407/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA URXIR AO GOBERNO LOCAL A PRESENTAR UN ESTUDO DE CUSTES COMPLETO DA CONVERSIÓN DA ANTIGA U.A. CS-5 EN ZONA VERDE (Exp. 2021/G004/001055).

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA MOBILIDADE E O ESTACIONAMENTO NO BARRIO DE FONTIÑAS (Exp. 2021/G004/001060).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

PERSOAL

4. DACIÓN CONTA AO PLENO DECRETOS DA ALCALDÍA DE LEVANTAMENTO REPARO SERVIZOS EXTRAORDINARIOS XULLO A OUTUBRO 2021

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6102670997734724288.doc

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

ACTAS E GOBERNO

5. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2021/G004/001056).

6. COMPARECENCIA EN PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 11/151, ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O 25 DE NOVEMBRO DE 2021, PARA EXPLICAR AS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO Á HOMOLOGACIÓN DO PAVILLÓN DE O PALOMAR.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A) PÉSAME POLO FALECIMENTO DO CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ.

B) PÉSAME POLO FALECIMENTO DO FUNCIONARIO DON JOSÉ RAMÓN SÁNCHEZ SUÁREZ.

ROGOS E PREGUNTAS

Notifíquelles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,